




## **Exame de Obtención do Certificado de Aptitude Profesional (CAP)**

**VIAXEIROS**  
**18/1/2012**  
**16.00 H**

**-GALEGO-**



**Dé la vuelta al folleto  
para disponer del examen en  
CASTELLANO**

# EXAMEN OBTENCIÓN DEL CAP

Data: 18-1-2012 16.00 h

Examen: VIAXEIROS A

Lugar: PGNO. FONTIÑAS, RÚA DE MADRID, 2-4, SANTIAGO DE COMPOSTELA, A CORUÑA

Duración: 120 MINUTOS



**1. Como se denomina o acto polo que se comproba periodicamente o mantemento dos requisitos dos títulos habilitantes para a prestación dos servizos públicos de transporte de viaxeiros por estrada?**

- a Revisión periódica.
- b Visado periódico.
- c Constatación periódica.
- d Ningunha das respostas anteriores é correcta.

**2. Como se denomina un transporte público de viaxeiros por estrada que se efectúa dentro dun itinerario preestablecido e con suxeición a horario e calendario prefixados?**

- a Transporte discrecional.
- b Transporte regular.
- c Transporte triangular.
- d Transporte ordinario.

**3. Como regra xeral, o transporte escolar prestarase con autobuses que non superen a antigüidade de:**

- a dez anos.
- b vinte anos.
- c oito anos.
- d dezaioito anos.

**4. Dentro dos transportes regulares distínguese entre**

- a os de uso xenérico e os de uso especial.
- b os de uso xeral e os de uso específico.
- c os de uso xenérico e os de uso específico.
- d os de uso xeral e os de uso especial.

**5. No transporte escolar e de menores, os vehículos non poderán superar, en ningún caso, ao inicio do curso escolar a antigüidade de**

- a 10 anos.
- b 15 anos.
- c 16 anos.
- d 20 anos.

**6. Son transportes discrecionais os que se levan a cabo:**

- a con reiteración de itinerario, calendario e horario preestablecidos.
- b sen reiteración de itinerario e con reiteración de calendario e horario preestablecidos.
- c sen reiteración de itinerario nin de calendario e sen horario preestablecidos.
- d Todas as respostas anteriores son incorrectas.

**7. Como se outorgan as concesións de liñas regulares de transporte de viaxeiros nacionais?**

- a En réxime de liberdade, de maneira que calquera empresa pode realizar o servizo se solicita a concesión.
- b En réxime de exclusividade, non podendo establecerse outras concesións que cubran o mesmo percorrido.
- c Outórganse a varias empresas para que sexan explotadas por calquera empresa das concesionarias indistintamente.
- d Non están sometidas a réxime de concesión senón ao de autorización.

**8. Poden os condutores de bicicletas e ciclomotores circular por unha autoestrada?**

- a Si.
- b Non.
- c Si, sempre que circulen pola beiravía dereita.
- d Os ciclomotores si, as bicicletas non.

**9. Cales son as funcións propias dun administrativo nunha empresa de transportes por estrada?**

- a Arquivar a documentación da empresa.
- b Controlar o rendemento dos condutores.
- c Supervisar o acceso dos viaxeiros ou a colocación da carga.
- d Distribuír as ordes de ruta.

# EXAMEN OBTENCIÓN DEL CAP

Data: 18-1-2012 16.00 h

Examen: VIAXEIROS A

Lugar: PGNO. FONTIÑAS, RÚA DE MADRID, 2-4, SANTIAGO DE COMPOSTELA, A CORUÑA

Duración: 120 MINUTOS



- 10. Cales son as funcións propias dun xefe de tráfico dunha empresa de transportes por estrada?**
- a Distribuír as ordes de ruta entre os condutores.
  - b Contratar os servizos cos clientes.
  - c Representar a empresa.
  - d Conducir os vehículos
- 11. Realizar o seguimento comercial dos servizos son funcións propias do:**
- a xerente.
  - b xefe de tráfico.
  - c comercial.
  - d administrativo.
- 12. Nunha empresa de transportes, a realización de estatísticas comerciais é función propia do:**
- a administrativo.
  - b xerente.
  - c xefe de tráfico.
  - d comercial.
- 13. En España, as empresas de autobuses propietarias de máis de 20 vehículos, que forma adoitan adoptar?**
- a Sociedade anónima.
  - b Sociedade de responsabilidade limitada.
  - c Autónomos.
  - d Sociedades laborais.
- 14. Os vehículos que realizan un servizo regular de uso xeral deberán identificarse mediante:**
- a un rótulo no lateral dereito do vehículo que indique o nome da empresa.
  - b un rótulo no frontal do vehículo cos datos da concesión e o nome da empresa.
  - c un rótulo na parte posterior do vehículo cos datos da concesión e o nome da Comunidade Autónoma.
  - d un luminoso no lateral dereito.
- 15. Para poder conducir un conxunto de vehículos composto por un autocar de máis de oito pasaxeiros, ademais do condutor, e un remolque cuxa MMA exceda de 750 kg é necesario:**
- a o permiso de clase D1+E.
  - b o permiso de clase D.
  - c o permiso de clase D1.
  - d o permiso de clase D+E.
- 16. A sociedade anónima:**
- a debe ter un capital mínimo de 6.000 euros.
  - b fórmana accionistas con responsabilidade ilimitada.
  - c debe inscribirse no Rexistro Mercantil.
  - d non debe constituírse por escritura pública.
- 17. Para a prestación dos servizos de transporte público de viaxeiros por estrada, que requisitos son necesarios para o outorgamento dos títulos administrativos habilitantes?**
- a Non posuír capacidade económica.
  - b Posuír as condicións requiridas en canto a honorabilidade.
  - c Posuír as condicións necesarias sobre condución profesional.
  - d Posuír as condicións requiridas en canto a moralidade.
- 18. Que vixencia ten o permiso de conducir da clase D dun condutor de 55 anos?**
- a 10 anos.
  - b 5 anos.
  - c 3 anos.
  - d 2 anos.
- 19. Que ámbito territorial ten a autorización administrativa documentada nunha tarxeta de transporte da serie VPC?**
- a Nacional.
  - b O do territorio da Comunidade Autónoma que a expedira.
  - c Comarcal.
  - d O do municipio que a expedira.

# EXAMEN OBTENCIÓN DEL CAP

Data: 18-1-2012 16.00 h

Examen: VIAXEIROS A

Lugar: PGNO. FONTIÑAS, RÚA DE MADRID, 2-4, SANTIAGO DE COMPOSTELA, A CORUÑA

Duración: 120 MINUTOS



- 20. Unha autorización de transporte da serie VD é unha autorización de:**
- a transporte regular de uso xeral.
  - b transporte regular de uso especial.
  - c transporte privado.
  - d transporte discrecional.
- 21. Onde debe colocarse a parte inferior do cinto de seguridade?**
- a Sobre a zona pélvica.
  - b Sobre as coxas.
  - c Sobre o abdome.
  - d É indiferente.
- 22. Se se debe facer baixar a un viaxeiro:**
- a farase nun lugar seguro para o peón.
  - b esperárase a chegar a unha área de servizo.
  - c farase exclusivamente nunha parada.
  - d farase no primeiro lugar adecuado para deter o vehículo.
- 23. En España, o limitador corta o combustible nos vehículos de transporte de viaxeiros aos:**
- a 100 km/h.
  - b 110 km/h.
  - c 90 km/h.
  - d 85 km/h.
- 24. Unha vez que un viaxeiro con mobilidade reducida, que se apoia en bastóns ou muletas para andar, toma asento, o condutor:**
- a deberá retirarlle o bastón ou as muletas para evitar que dane alguén durante a viaxe.
  - b deberá retirarlle o bastón ou as muletas se molestan a algún outro viaxeiro.
  - c deberá pedir ao seu acompañante que se faga cargo dos bastóns ou muletas.
  - d nunca deberá despoxalo dos seus bastóns ou muletas.
- 25. Segundo a Lei de ordenación dos transportes terrestres, impedir ou dificultar o acceso aos servizos de transporte a persoas discapacitadas é unha infracción...**
- a leve.
  - b grave.
  - c moi grave.
  - d Non se considera infracción, senón incumprimento do contrato de transporte.
- 26. Cada canto tempo os condutores que obteñan o CAP deben realizar o curso de formación continua?**
- a Cada 5 anos a partir de obter o carné de conducir.
  - b Cada 5 anos a partir de obter o CAP.
  - c Cada 2 anos a partir de obter o CAP.
  - d Cada 3 anos a partir de obter o carné de conducir.
- 27. Como se denomina ao motor que conserva un par similar durante unha ampla gama de revolucións?**
- a Lineal.
  - b Elástico.
  - c Inelástico.
  - d Exponencial.
- 28. Como se pode aforrar máis enerxía, con vehículos con caixas de cambio automáticas ou manuais?**
- a Coas automáticas, pero só en pendentes ascendentes.
  - b En vehículos con caixas de cambio manuais.
  - c Non hai diferenza.
  - d En vehículos con caixas de cambio automáticas.

# EXAMEN OBTENCIÓN DEL CAP

Data: 18-1-2012 16.00 h

Examen: VIAXEIROS A

Lugar: PGNO. FONTIÑAS, RÚA DE MADRID, 2-4, SANTIAGO DE COMPOSTELA, A CORUÑA

Duración: 120 MINUTOS



**29. Cal destas indicacións non é necesaria seguir para subir unha marcha?**

- a Mirar o tipo de material empregado no motor.
- b Consultar o manual do vehículo.
- c Observar o desnivel se hai pendentes.
- d Observar a velocidade do vehículo.

**30. Que debe ser substituído dentro do sistema de refrixeración nas operacións de mantemento?**

- a Os manguitos que forman parte do circuíto, pois coas altas temperaturas acaban deteriorándose.
- b O depósito do líquido refrixerante, pois adoita estar corroído pola acción do líquido.
- c O filtro do refrixerante e o filtro do aceite hidráulico do ventilador.
- d Normalmente non é necesario substituír nada.

**31. Que é o "par"?**

- a A forza que desenvolve un mecanismo en rotación ou a forza que hai que facer para facelo xirar.
- b A forza que desenvolve un mecanismo en movemento lineal ou a forza que hai que facer para poñelo en movemento.
- c A potencia que desenvolve un motor ao xirar.
- d A cantidade de traballo que pode desenvolver un motor nun determinado tempo.

**32. Nos accidentes de traballo no transporte, que actividade causa con maior frecuencia lumbalxias e cervicalxias?**

- a Mantemento prolongado de posturas forzadas.
- b Sobrecarga da maquinaria coa que efectúa a manipulación.
- c Utilización de maquinaria inadecuada para o obxecto.
- d Mal estado dos elementos de suxeición.

**33. En relación coas rutas de fóra do chamado "Espazo Schengen", os transportistas están obrigados a comprobar:**

- a que o diñeiro dos pasaxeiros sexa de curso legal en España.
- b a validez e vixencia dos títulos de viaxe e dos documentos de identidade dos seus pasaxeiros.
- c a validez do precontrato de traballo dos inmigrantes.
- d a validez e vixencia dos títulos de viaxe e dos certificados de vacinación dos seus pasaxeiros.

**34. As estradas polas que circulan vehículos automóbiles son vías cuxa propiedade ou dominio:**

- a é de dominio privado compartido por todos os condutores.
- b é de dominio público.
- c pode ser tanto público coma privado.
- d é público, agás as autoestradas que son de dominio privado.

**35. Os factores de risco na condución son:**

- a Un exceso de velocidade.
- b O consumo de alcohol.
- c O consumo de drogas.
- d Todas as respostas son correctas.

**36. A partir do 11 de setembro de 2008, para poder traballar como condutor de autobús ou autocar en España deberase obter:**

- a o permiso de conducir de categoría D1, D1+E, D ou D+E.
- b o certificado de aptitude médica.
- c o certificado de aptitude profesional.
- d As respostas a) e c) son correctas.

**37. Cando o sistema de freos ABS (antiblock brake system) entra en funcionamento permite:**

- a manter o vehículo freado aínda que o condutor solte o freo.
- b manter o control sobre a dirección e reducir a distancia de freado.
- c calibrar a intensidade da freada e manter o control sobre as rodas.
- d reducir a tracción das rodas e a distancia de freado.

# EXAMEN OBTENCIÓN DEL CAP

Data: 18-1-2012 16.00 h

Examen: VIAXEIROS A

Lugar: PGNO. FONTIÑAS, RÚA DE MADRID, 2-4, SANTIAGO DE COMPOSTELA, A CORUÑA

Duración: 120 MINUTOS



**38. Do total de enerxía consumida en España en transporte, cal é a porcentaxe aproximada que lle corresponde ao autobús?**

- a 3%.
- b 9%.
- c 12%.
- d 15%.

**39. No posto de condución, é importante ter en conta:**

- a A redución ao máximo dos ruídos no vehículo.
- b Conseguir unha temperatura ideal dentro do vehículo.
- c Conseguir unha visibilidade plena da estrada, dos espellos retrovisores e dos instrumentos indicadores.
- d Todas as respostas anteriores son correctas.

**40. En España, facendo transporte interior, ao iniciar o período de traballo diario (PTD), que deberá indicar o condutor?**

- a O país en que se encontra.
- b O país e a comunidade autónoma en que se encontra.
- c Só a comunidade autónoma en que se encontra.
- d Nada. O tacógrafo identifícao automaticamente.

**41. Os traballadores están expostos a:**

- a enfermidades profesionais.
- b accidentes de traballo.
- c As respostas A e B son correctos.
- d Todas as respostas anteriores son correctas.

**42. Os transportes de envíos postais en vehículos ou conxuntos de vehículos dunha MMA non superior a 7,5 toneladas dentro dun radio de 50 quilómetros arredor da empresa:**

- a son transportes especiais.
- b están exentos do uso do tacógrafo.
- c non se consideran transportes.
- d están exentos de autorización.

**43. Que obxectivos pretenden conseguir as autoridades co tacógrafo dixital?**

- a Garantir uns rexistros indiscutibles.
- b Gañar tempo.
- c Mellorar o medio.
- d Dispoñer de máis espazo no habitáculo do vehículo.

**44. Os pistóns móvense polo interior:**

- a da culata.
- b do cárter.
- c da tapa de balancíns.
- d dos cilindros.

**45. O tapón que se encontra no cárter dun motor de combustión:**

- a permite que se forme baleiro no interior do cárter.
- b impide que se forme baleiro no interior do cárter.
- c permite o baleirado do aceite do cárter.
- d permite a enchedura de líquido refrixerante.

**46. Cantos tubos forman o colector do sistema de escape dun motor de combustión?**

- a Tantos como cilindros teña o motor.
- b Un.
- c Dous.
- d Tres.

**47. Nun motor de combustión, o termóstato é un elemento que pertence ao sistema de:**

- a lubricación.
- b distribución.
- c dirección.
- d refrixeración.

# EXAMEN OBTENCIÓN DEL CAP

Data: 18-1-2012 16.00 h

Examen: VIAXEIROS A

Lugar: PGNO. FONTIÑAS, RÚA DE MADRID, 2-4, SANTIAGO DE COMPOSTELA, A CORUÑA

Duración: 120 MINUTOS



- 48. O transporte por estrada é unha actividade produtiva caracterizada por:**
- a ser un traballo moi tranquilo.
  - b ser un traballo a ritmos acelerados.
  - c ter uns riscos de accidente de traballo nulos.
  - d ter unha duración de xornada inferior ás 4 horas.
- 49. Das seguintes respostas, sinalar a que non estea relacionada coa ergonomía.**
- a Espazo e medios de traballo.
  - b Posturas.
  - c Movementos.
  - d Ganancias monetarias.
- 50. As luces antinéboa dianteiras:**
- a son obrigatorias para os automóbiles.
  - b non poden ser instaladas nos automóbiles.
  - c son obrigatorias para os remolques e semirremolques non agrícolas.
  - d son opcionais para os automóbiles.
- 51. Cando hai máis risco de incendio nunha roda dun vehículo?**
- a Cando está moi baixa de presión.
  - b Cando está á súa presión recomendada.
  - c Cando está moi alta de presión.
  - d En ningún caso dos anteriores.
- 52. Para que lumes se adoitan empregar as mantas?**
- a Lumes en sólidos.
  - b Lumes nos vestidos.
  - c Lumes nos gases.
  - d Lumes nos líquidos.
- 53. Se o número de revolucións das rodas fose maior que o número de revolucións do motor:**
- a teríase producido unha desmultiplicación.
  - b teríase producido unha multiplicación.
  - c sería porque entrou en funcionamento o convertedor de par.
  - d sería porque o motor se encontra ao ralentí.
- 54. O esforzo que transmite o pistón sobre o cegoñal é:**
- a o par motor.
  - b a carreira do pistón.
  - c a relación de compresión.
  - d o calibre do cilindro.
- 55. Nun motor de combustión, o par motor será maior:**
- a ao máximo de revolucións do motor.
  - b ao mínimo de revolucións do motor.
  - c canto máis cheo de aire estea o cilindro.
  - d canto menos cheo de aire se encontre o cilindro.
- 56. Dos motores que se indican, cal é o que ten un maior consumo específico?**
- a O motor diesel de inxección directa.
  - b O motor diesel de inxección indirecta.
  - c O motor de gasolina de inxección directa.
  - d O motor de gasolina de inxección indirecta.
- 57. Que peza ten como función cubrir os elementos da distribución?**
- a A tapa de balancíns.
  - b A culata.
  - c O bloque.
  - d O cárter.



**58. A enchedura de aceite nun motor de combustión realízase a través dun tapón situado:**

- a na culata.
- b na tapa de balancíns.
- c no cárter.
- d no bloque.

**59. Nos motores actuais, no bloque encóntanse:**

- a os cilindros.
- b os orificios de admisión e escape.
- c as válvulas.
- d os colectores.

**60. O mecanismo de embrague adáptase:**

- a ao dâmpen.
- b á cara externa do volante de inercia.
- c á árbore de transmisión.
- d ao grupo cónico - diferencial.

**61. Nun motor diesel sobrealimentado, a turbina do turbocompresor encóntase situada:**

- a no colector de escape.
- b antes do filtro do aire.
- c antes da válvula de escape.
- d no colector de admisión.

**62. O embrague de fricción dun automóbil ten como finalidade:**

- a variar a relación de transmisión entre o motor e as rodas motoras.
- b aumentar o par motor.
- c diminuír o par motor.
- d adaptar ou desadaptar o movemento do motor do resto da transmisión.

**63. Que é a subviraxe?**

- a É unha traxectoria real do vehículo máis aberta da que debería realizar.
- b É o movemento xiratorio da carrocería sobre un eixe transversal á marcha.
- c É o movemento de xiro sobre o eixe vertical.
- d Cando os pneumáticos non son capaces de evacuar toda a auga que se encontran e perden contacto co chan.

**64. Sinale a afirmación correcta.**

- a Segundo a Lei de contrato de seguro, o prazo máximo para que o tomador comunique ao asegurador o acaecemento dun sinistro é de 20 días.
- b A declaración amigable de accidentes debe ser entregada por un axente da orde.
- c A declaración amigable de accidentes debe ser asinada por un axente da orde.
- d Todas as respostas anteriores son incorrectas.

**65. Cando o resultante das forzas representadas no círculo de Kamm está fóra do círculo:**

- a as rodas converten o movemento de avance en xiro.
- b as rodas teñen moi pouca masa.
- c a dirección do vehículo faise incontrolable.
- d o vehículo áchase en condicións estables.

**66. Dos semáforos reservados para vehículos, que sinal obriga a deterse nas mesmas condicións que se se tratase dunha luz vermella fixa?**

- a Unha luz verde non intermitente.
- b Unha luz amarela non intermitente.
- c Unha luz amarela intermitente ou dúas luces amarelas alternativamente intermitentes.
- d Unha luz laranxa.

**67. Os motores diesel de inxección indirecta teñen un consumo específico:**

- a maior que os de inxección directa.
- b igual que os de inxección directa.
- c menor que os de inxección directa.
- d menor canto maior sexa o número de revolucións.

# EXAMEN OBTENCIÓN DEL CAP

Data: 18-1-2012 16.00 h

Lugar: PGNO. FONTIÑAS, RÚA DE MADRID, 2-4, SANTIAGO DE COMPOSTELA, A CORUÑA

Examen: VIAXEIROS A

Duración: 120 MINUTOS



**68. Os elementos de seguridade que teñen como finalidade diminuír os posibles danos provocados durante un accidente aos pasaxeiros do vehículo, como se denominan?**

- a Elementos de seguridade activa.
- b Elementos de seguridade pasiva.
- c Elementos de seguridade integral.
- d Non existe ningún elemento que axude a evitar un accidente.

**69. Segundo a regulamentación social europea, pode realizar un condutor o seu descanso diario nun vehículo que está en movemento?**

- a Non, en ningún caso.
- b Si, pero só se dispón de liteira.
- c Si, sempre.
- d Si, pero só se é un autocar e pode durmir nos asentos traseiros.

**70. Que marca branca lonxitudinal significa que ningún condutor debe atravesala nin circular co seu vehículo sobre ela?**

- a A marca lonxitudinal continua.
- b A marca lonxitudinal discontinua.
- c As marcas lonxitudinais discontinuas dobres.
- d As marcas lonxitudinais continuas pegadas a discontinuas.

**71. Se un condutor non colabora e se nega a entregar a documentación requirida polos axentes encargados dun control en estrada está a cometer unha infracción:**

- a de obstrución ao labor inspector.
- b de colaboración coa empresa.
- c de imprudencia.
- d de descanso diario.

**72. Cal dos seguintes sistemas esixe un maior mantemento?**

- a O sistema de lubricación.
- b O sistema de xeración de electricidade.
- c O sistema de arranque.
- d O sistema de admisión e escape.

**73. Cal é o efecto que pode producir o uso de fusibles cunha amperaxe maior ao axeitado?**

- a Que se poden fundir máis frecuentemente.
- b Non teñen ningún efecto apreciable.
- c Poderían producirse sobrequeamentos e incendios.
- d Poderían producirse descargas eléctricas.

**74. Cal é a función do embrague?**

- a Converter a forza e o número de revolucións do motor en función da forza de tracción que se quere conseguir.
- b Proporcionar ao circular por curvas diferentes números de revolucións da roda motora dun extremo do eixe e a do outro extremo.
- c Permitir o acoplamento co motor de arranque.
- d Adaptar ou non o motor ao resto da transmisión.

**75. Cal é a función do sistema de transmisión?**

- a Controlar o fluxo de carburante cara ao motor.
- b Levar ás rodas o movemento xerado polo motor.
- c Conectar os cilindros co cegoñal.
- d Transmitir a presión xerada na combustión ao cegoñal.

**76. Cal non é un elemento moi definidor da imaxe da empresa do transporte?**

- a Instalacións.
- b Empregados.
- c Situación financeira.
- d Elementos de comunicación e información.

# EXAMEN OBTENCIÓN DEL CAP

Data: 18-1-2012 16.00 h

Examen: VIAXEIROS A

Lugar: PGNO. FONTIÑAS, RÚA DE MADRID, 2-4, SANTIAGO DE COMPOSTELA, A CORUÑA

Duración: 120 MINUTOS



**77. Cando será maior o par xerado nun motor?**

- a Canto máis se aperte o pedal do embrague, porque se deixa libre a transmisión.
- b Canto máis se aperte o pedal do freo, porque nese momento toda a potencia sobrante no motor se converte en par.
- c Canto máis se aperte o pedal do acelerador, porque será maior a cantidade de gases queimados.
- d Cando o vehículo circula custa abaixo, porque nese momento toda a potencia sobrante no motor se converte en par.

**78. A elección da relación de marchas correcta durante a conducción depende, entre outras circunstancias:**

- a da velocidade do vehículo.
- b da temperatura exterior.
- c do carburante utilizado.
- d do que indique o manómetro.

**79. Nun motor de combustión sobrealimentado provisto de intercambiador de calor ou "intercooler", que percorrido realiza o aire ata chegar aos cilindros?**

- a Filtro do aire, turbocompresor, intercooler e cilindro.
- b Turbocompresor, filtro do aire, intercooler e cilindro.
- c Intercooler, filtro do aire, turbocompresor e cilindro.
- d Filtro do aire, intercooler, turbocompresor e cilindro.

**80. A quen corresponde a responsabilidade das infraccións cometidas por falsificación?**

- a Ás persoas que realizan a manipulación ou colaboran nela e ao transportista que as utiliza.
- b Só ao transportista.
- c Só ao condutor.
- d Só ao que realiza a falsificación.

**81. Nun vehículo de motor dianteiro e propulsión, como se unen a caixa de velocidades e o diferencial?**

- a Mediante unha árbore de transmisión.
- b Mediante xuntas cárdan.
- c Mediante xuntas homocinéticas.
- d Mediante xuntas elásticas.

**82. Cal é a función da válvula de descarga do sistema de freo de aire?**

- a Permitir o paso do aire aos freos.
- b Evitar sobrepresións no circuíto.
- c Purgar automaticamente o aire existente nas conducións do líquido hidráulico.
- d Permitir a entrada de aire aos calderíns.

**83. Que factor non inflúe no consumo de carburante dun automóbil?**

- a O número de revolucións por minuto do motor.
- b O perfil da estrada.
- c A presión dos pneumáticos.
- d O tipo de sistema de freado: hidráulico ou pneumático.

**84. O correcto funcionamento do sistema de distribución, inflúe no consumo de carburante?**

- a Si, xa que se evitan perdas de potencia.
- b Non, xa que o sistema de distribución só afecta ao momento de apertura das válvulas.
- c Non, xa que o sistema de distribución só afecta ao momento de peche das válvulas.
- d Non, xa que o sistema de distribución só afecta ao momento de apertura ou peche das válvulas.

**85. A parte pneumática dunha roda está formada por:**

- a a cuberta, unicamente.
- b a cuberta, a cámara (se tivese) e o aire da presión.
- c a cuberta, a cámara (se tivese), o aire da presión e a lamia.
- d a cuberta, a cámara (se tivese), o aire da presión, a lamia e o cubo.

# EXAMEN OBTENCIÓN DEL CAP

Data: 18-1-2012 16.00 h

Lugar: PGNO. FONTIÑAS, RÚA DE MADRID, 2-4, SANTIAGO DE COMPOSTELA, A CORUÑA

Examen: VIAXEIROS A

Duración: 120 MINUTOS



**86. Ao dispositivo antibloqueo de freos tamén se lle chama:**

- a ABS.
- b ESP.
- c ADR.
- d BAS.

**87. Dos factores que se indican, cal inflúe na enerxía cinética que posúe un vehículo en movemento?**

- a A súa velocidade.
- b O seu volume.
- c A súa anchura.
- d O seu tamaño.

**88. Que signo ou símbolo é o que identifica que unha lamia está composta por varias pezas?**

- a +.
- b -.
- c x.
- d &.

**89. En caso de condicións meteorolóxicas adversas, que se recomenda facer se o nivel de circulación é amarelo?**

- a Abandonar o vehículo en todo caso.
- b Emprego de cadeas.
- c Non saír de viaxe.
- d Aumentar a distancia de seguridade.

**90. Que exista unha mínima transferencia de masas dos eixes traseiros aos dianteiros no momento da freada, que repercusión ten?**

- a Un maior desgaste dos freos.
- b Un menor consumo de combustible.
- c O aproveitamento do agarre de todas as rodas.
- d O mantemento da velocidade.

**91. Que accións hai que realizar para conducir con seguridade?**

- a Utilizar o vehículo coa máxima atención.
- b Anticiparse ás accións dos demais condutores.
- c Anticiparse ás accións dos peóns.
- d Todas as resposta anteriores son correctas.

**92. Que hai que facer ao tratar cun cliente anoxado?**

- a Ver máis alá das formas provocadas polo anoxo.
- b Non se poñer á defensiva e manter a calma.
- c Intentar calmar o anoxo.
- d Todas as respostas son correctas.

**93. As medidas preventivas que deben tomarse á hora de conducir con vento son:**

- a minorar a velocidade.
- b suxeitar firmemente o volante.
- c extremar a atención nos pasos de zonas protexidas a desprotexidas.
- d Todas as respostas son correctas.

**94. O exceso de carga sobre a MMA do vehículo ou sobre algún dos seus eixes, pode dar lugar a unha inmovilización?**

- a Si.
- b Non.
- c Depende do tipo de vehículo.
- d Depende do tipo de vía pola que circule.

**95. Que busca a ergonomía no ámbito do traballo?**

- a Evitar riscos laborais.
- b Concienciar o traballador na prevención.
- c Incrementar tanto o benestar do traballador coma o seu rendemento.
- d Facilitar o acceso ao mundo laboral.

# EXAMEN OBTENCIÓN DEL CAP

Data: 18-1-2012 16.00 h

Examen: VIAXEIROS A

Lugar: PGNO. FONTIÑAS, RÚA DE MADRID, 2-4, SANTIAGO DE COMPOSTELA, A CORUÑA

Duración: 120 MINUTOS



**96. Aforra combustible se se circula:**

- a en punto morto ao baixar pendentes descendentes.
- b cos cristais das xanelas subidos.
- c cunha presión de inflado dos pneumáticos inferior á recomendada.
- d co motor parado nas pendentes descendentes.

**97. Nos motores dos automóviles actuais, se o vehículo circula a máis de 20 km/h, hai engrenada unha velocidade na caixa de cambios, non se pisa o pedal do acelerador e se mantén o motor embragado, o consumo:**

- a será nulo.
- b será igual que ao ralentí.
- c será maior que ao ralentí.
- d dependerá da relación de marchas engrenada.

**98. Os comportamentos dos mozos condutores que producen máis accidentes de circulación son:**

- a cruzar as interseccións sen reducir a marcha.
- b atravesar cruzamentos regulados cando o semáforo estea en amarelo.
- c conducir a maior velocidade.
- d Todas as respostas son correctas.

**99. Unha vez iniciado o movemento:**

- a se se mantén a forza o vehículo diminúe a velocidade.
- b hai que aumentar a forza para conseguir a mesma velocidade.
- c hai que manter a forza para conseguir a mesma velocidade.
- d o vehículo requirirá cada vez menos forza para seguir aumentando a velocidade.

**100. Cal é a misión do sistema de transmisión?**

- a Transmitir o movemento do cegoñal á árbore de levas co obxecto de sincronizar o movemento das válvulas co dos pistóns.
- b Transmitir o movemento do piñón de arranque ao cegoñal.
- c Transmitir o movemento do motor ás rodas directoras.
- d Transmitir o movemento do motor ás rodas motoras.

**Preguntas de reserva**

**101. Segundo a clasificación internacional, un autobús M2 é:**

- a un vehículo de transporte de viaxeiros de capacidade inferior a 10 prazas.
- b un vehículo de transporte de mercadorías de menos de 10 toneladas de MMA.
- c un vehículo de transporte de viaxeiros de máis de 10 toneladas de MMA.
- d un vehículo de transporte de viaxeiros que non supera as 5 toneladas de MMA.

**102. Como consegue principalmente o ESP cumprir as súas funcións:**

- a Regulando a presión sobre os elementos frenantes.
- b Mediante intervencións no sistema de freos ou no control do motor, aproveitando a existencia doutros sistemas como ABS e ASR.
- c Actuando como un freo pneumático convencional que leva adaptado un sistema de mando electrónico.
- d Accionando dende o pedal do freo dunha forma tal que os freos reaccionen inmediata, simultánea e uniformemente.

**103. Das seguintes posibles nomenclaturas dun pneumático, cal correspondería ao maior diámetro interior:**

- a 225/90 R 21.5 152/146 M.
- b 235/80 R 22.5 150/145 N.
- c 245/70 R 20.5 155/148 L.
- d 215/60 R 23.5 156/147 K.